



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Técnicas de Tradución	Código	613G03018	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Prerrequisitos				
Departamento	Filloxía Española e LatinaFilloxía InglesaGalego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Núñez Punte, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es	
Profesorado	Cordoba Rodriguez, Felix Núñez Punte, Carolina Rodriguez Gomez, Luciano	Correo electrónico	felix.cordoba@udc.es c.nunez@udc.es luciano.rodriguez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudio y práctica de la traducción de textos diversos (español-inglés, inglés-español, gallego-inglés, inglés-gallego).			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A12	Coñecer os principios teóricos básicos da tradución directa e inversa e ser capaz de poñelos en práctica.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.



C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
----	---

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Familiarizarse co concepto de "equivalencia" e manexalo como punto de partida para a teoría e como elemento de xuício na práctica da traducción.	A12	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10	C1 C2 C3 C6 C7 C8
Recoñecer as características particulares de textos de tipo diverso e resolver as dificultades de traducción que son pertinentes en cada caso.	A4 A5 A6 A9 A10 A12	B3 B4 B5 B6 B7 B8	C1 C2 C3 C4 C6 C7
Ser capaz de situar a traducción (entendida como disciplina e tamén como práctica) dentro dun contexto cultural.	A4 A5 A6 A12	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C1 C2 C3 C4 C6 C8
Ser capaz de realizar traducións directas e inversas en español, galego e inglés.	A4 A5 A6 A9 A12	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Coñecer as peculiaridades traductolóxicas das linguas inglesa, galega e española.	A1 A3 A4 A5 A6	B2 B8 B9 B10	C1 C2 C3
Realizar as tarefas de maneira eficiente e nos prazos esixidos.	A1	B3	C1
Participar activamente na clase.	A4 A5 A6 A15	B4 B8 B10	C1 C2 C4



Ser capaz de apreciar, respetar e disfrutar da diversidade lingüística e cultural manifesta na nosa titulación.	A3	B5	C4
	A7	B8	C8
	A10		
	A11		

Contidos	
Temas	Subtemas
I. Translation in the Field of English Studies	<p>I.1. Introduction: What is language? What is culture? What is translation?</p> <p>I.2. Translation as process, as product, and as function</p> <p>I.3. Translation methods:</p> <p>I.3.1. Basic norms for a 'good' translator and a 'good' translation</p> <p>I.3.2. Brief history of translation methods in the field of English</p> <p>I.4. The controversial concept of equivalence</p> <p>I.5. Types of texts, types of translations: literature, songs, mass-media texts, audiovisual publicity, etc</p> <p>I.6. Translation and culture: the functional perspective</p> <p>I.7. Translation and audiovisual texts: dubbing and subtitling</p> <p>I.8. Translation and interpretation</p> <p>I.9. Evaluation and critique of translated texts</p>
II. A traducción ao galego	<p>II.1. Introducción</p> <p>II.2. Traducción e cultura: inglés-galego, castelán-galego</p> <p>II.3. Métodos de traducción desde a perspectiva histórica</p> <p>II.4. A traducción de poesía: aspectos temáticos e formais</p> <p>II.5. Valoración e crítica de textos traducidos</p>
III. La traducción en el ámbito del español	<p>III.1. La traducción especializada.</p> <p>III.1.1. Introducción. Las lenguas de especialidad. Terminología.</p> <p>III.1.2. Diccionarios y repertorios. Bases de datos terminológicas.</p> <p>III.2. Traducción con apoyo informático.</p> <p>III.2.1. La traducción automática y la traducción asistida por ordenador.</p> <p>III.2.2. Herramientas informáticas. Memorias de traducción. Corpus paralelos.</p> <p>III.3. La traducción al español.</p> <p>III.3.1. Documentación para la traducción al español.</p> <p>III.3.2. Métodos de traducción del inglés al español.</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	22	33	55
Proba mixta	3	12	15
Sesión maxistral	16	16	32
Traballos tutelados	1	8	9
Actividades iniciais	0.5	0	0.5
Recensión bibliográfica	2	12	14
Presentación oral	0.5	2	2.5
Lecturas	0	17	17



Atención personalizada	5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Nos grupos medianos e, principalmente, nos pequenos o alumnado realizará actividades diversas (prácticas guiadas e libres de traducción, individuais e en grupo, exposicións, debates, solución de problemas, etc) baixo a supervisión do profesorado.
Proba mixta	Haberá unha proba na data oficial en xuño. Nela determinarase a competencia de cada estudante no tocante aos conceptos vistos e, principalmente, a súa destreza traducindo.
Sesión maxistral	Comezarse cada tema cunha exposición oral dos conceptos teóricos, que se completará con exemplos diversos en cada punto.
Traballos tutelados	Exercicios relacionados coa traducción, supervisados polo profesorado, individuais ou en grupo, feitos na clase e/ou fóra, segundo determine o profesorado en todo momento.
Actividades iniciais	Na primeira clase o profesorado diseñará algunha actividade para determinar o nivel de cada estudante nas linguas nas que se imparte a materia, así como o á súa experiencia coa traducción.
Recensión bibliográfica	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia.
Presentación oral	Haberá unha proba oral ao longo do curso na que os alumnos amosen as súas habilidades comunicativas.
Lecturas	Os profesores proveerán os estudantes con lecturas relacionadas coa materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ademais da supervisión directa do traballo do alumnado nas aulas nos grupos medianos e pequenos, o profesorado conta con titorías semanais e animan ao alumnado a facer uso delas.
Presentación oral	

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Haberá dous traballos tutelados: 1. Unha tradución individual do inglés ao español. 2. Unha tradución en grupo (de 4 a 6 persoas) do español ao inglés. Este traballo terá que ser exposto oralmente na aula--ver abaixo. O resto das directrices serán explicadas na aula.	20
Recensión bibliográfica	Farase unha recensión (en galego) que deberá ter as partes seguintes: -título, -presentación do produto cultural, -resumo, -comentario crítico, -conclusión.	10
Obradoiro	Exercicios e actividades realizados na aula, individuais e en grupo, supervisados polo profesorado, e que indicarán en cada caso o peso que teñen dentro desta porcentaxe da nota. Ademais dos obradoiros dos grupos medianos e pequenos, algúns exercicios poderán realizarse en parte das sesións maxistrais, sendo estas últimas de tipo teórico-práctico.	20



Presentación oral	Farase unha exposición oral en inglés correspondente co segundo "traballo tutelado" --ver enriba.	10
Proba mixta	O exame consistirá nunha parte de traducción ao inglés (20%), unha de traducción ao galego (10%), e unha de traducción ao español (10%). Deberase acadar unha cualificación mínima de 4 sobre 10 en cada unha destas partes para aprobar o exame. Ademais haberá unha parte teórica opcional equivalente a un 10% sobre a nota media do curso.	40
Outros		

Observacións avaliación

-Se un/ha estudante non supera a proba mixta ou non realiza o 80% do resto das actividades en cada unha das partes da asignatura (inglés, español e galego) deberá "recuperalas" en xullo.

-As actividades

feitas na clase formarán parte deste 80%, xunto cos traballos tutelados, a recensión e a proba oral. Os/As alumnos/as que non poidan vir á clase por causas xustificadas (i.e. cun xustificante válido), e que non teñan a condición de estudantes a tempo parcial, terán que poñerse en contacto cos docentes. Nós indicaremoslles as tarefas extra que teñen que facer para suplir a súas faltas de asistencia e participación nas

actividades da aula. Esta cláusula será válida tanto para xuño como para xullo.

-Para superar a materia, o valor medio ponderado das cualificacións obtidas nos obradoiros, os traballos tutelados, a recensión e a proba oral deberá ser igual ou superior a 4. Como parece lóxico, a nota final/total (i.e. tendo en conta as actividades mencionadas, as tres partes da asignatura, máis o exame) terá que ser igual ou superior a 5.

-Todos os traballos e actividades deberán ser entregados en tempo e forma para así evitar unha penalización do 25% sobre a nota obtida nos mesmos.

-Calquera falta á honorabilidade académica (e.g. plaxio, copia) suporá a descalificación automática das actividades.

-A

asistencia, participación significativa e bon comportamento na aula suporá ata un 10% extra sobre a nota final. Para poder optar a esta porcentaxe o/a alumno/a deberá participar ao menos no 85% das clases.

-Os/As

alumnos/as que non se presenten ás probas obxectivas de xuño ou xullo acadarán a cualificación de NP, se non entregaron máis do 50% de actividades durante o curso.

-Os/as estudantes matriculados/as a tempo parcial que teñan concedida a dispensa académica deberán poñerse en contacto cos profesores o antes posible.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Xosé Manuel Fernández Castro e Luciano Rodríguez (Eds.) (2008). Cadernos de Mariñán 3. V Encontro de Escritores Galegos. Ámbitos da Tradución. A Coruña. Deputación Provincial- Brian Mott y Marta Mateo (2009). Diccionario-guía de traducción español-inglés, inglés-español. Barcelona: Universitat de Barcelona- Antoine Berman (2003). La prueba de lo ajeno. Cultura y traducción en la Alemania romántica. Las Palmas. Universidad de Las Palmas de Gran Canaria. Servicio de Publicaciones- Yves Boonefoy (2002). La traducción de Poesía. Valencia. Pre-Textos- Paolo Valesio e Rafael-Jose Díaz (Eds.) (1996). Literatura y traducción. Santa Cruz de Tenerife. U.I.M.P.- Consuelo Gonzalo García y Valentín García Yebra (eds.) (2004). Manual de documentación y terminología para la traducción especializada. Madrid: Arco Libros- Javier Gómez-Montero (Ed.) (2008). Nuevas pautas de traducción literaria. Madrid. Visor Libros- Jordi Doce (ed.) (2007). Poesía en Traducción. Madrid. Círculo de Bellas Artes- Paul Ricoeur (2005). Sobre la traducción. Barcelona. Paidós- Joaquín García Palacios y M.ª Teresa Fuentes Morán (eds.) (2002). Texto, terminología y traducción. Salamanca: Almar- María del Carmen África Vidal Claramonte (1995). Traducción, manipulación, desconstrucción. Salamanca. Colegio de España- Susan Bassnet & André Lefevere (Eds.) (1995). Translation, History and Culture. London. Cassell
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías